

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	NON CUBRIR
MATERIA	HISTORIA DA ARTE
DISCIPLINA	TEORÍA E HISTORIA DA ARTE I
TITULACIÓN	Arte dramática
ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN
ITINERARIO	
CURSO	2º. PRIMEIRO CADRIMESTRE
CRÉDITOS ECTS	3
CARÁCTER	OBRIGATORIA
DEPARTAMENTO	TEORÍA E HISTORIA DAS ARTES ESCÉNICAS
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	DAMIÁN A. VILLALAIN
DOCENTES	Nome e apelidos: Damián A. Villalain Contacto: villalain@edu.xunta.es
DESCRICIÓN	<i>Estudo dos principais movementos artísticos, obras e artistas do periodo da historia da arte universal considerado, atendendo ao momento histórico en que se crearon. Análise das obras desde un punto de vista formal e iconográfico. Análise comparada e estudo de casos prácticos vinculados coa creación escénica..</i>
COÑECEMENTOS PREVIOS	Non son necesarios.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T11	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as

	condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
EE1	Concibir as ideas e propostas que fundamentan a creación e o deseño, explorando a dinámica do espazo, do corpo e da luz, valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
EE5	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
EE6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	
	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Adquisición de coñecementos básicos e suficientemente claros do desenvolvemento das artes entre a Antigüidade e os inicios do Renacemento .	T1, T2, T3, T4,T8, T11,T15, T16, T17, X1, X3, X5, X6, EE1, EE5, EE6
2. Desenvolver destrezas básicas para ver, describir, analizar e interpretar unha obra de arte a través do coñecemento dos diferentes elementos que conforman a linguaxe artística.	T1, T2, T3,T4, T8,T11, T12, T16, T17, X3, X6, X8, EE1, EE5, EE6
3. Adquisición de destrezas básicas na redacción de textos sobre obras de arte e sobre literatura artística.	T1, T2, T3, T4, T11,T12, T16, T17, X1, X5, X6 , EE5, EE6
4. Coñecer e saber valorar as máis importantes obras de arte dos periodos estudados.	T1, T2, T3, T4, T8, T11, T12, T14, T16, T17, X3, X4, X6, X8, EE1, EE5, EE6
5. O alumnado deberá rematar a materia sabendo manexar con precisión un vocabulario artístico básico.	T1, T2, T3, T4, T8, T11, T13, T14, T16, T17, X1, X3, X5, X6, X8, EE1, EE5, EE6
6. Relacionar os diferentes estilos artísticos co seu contexto histórico coa fin de comprender os seus vínculos con outras expresións artísticas como o teatro	T1, T2, T3, T4, T8, T11, T13, T14, T16, T17, X1, X3, X5, X6, X8, EE1, EE5, EE6.
7. Espertar o interese por coñecer o pasado histórico-artístico a partir da súa vivencia no mundo actual.	T1, T2, T3, T4, T8, T11, T13, T14, T16, T17, X1, X3, X5, X6, X8, EE1, EE5, EE6

8. O alumnado deberá coñecer as características específicas dos períodos artísticos estudados e comprendelos en relación cos trazos distintivos das sociedades ou civilizacións nas que se orixinan.	T1, T2, T3, T4, T8, T11, T13, T14, T16, T17, X1, X2, X3, X5, X6, EE1, EE5, EE6.
9. Comprensión da evolución do concepto de arte entre a Antigüidade e o Renacemento. Atención especial á problemática de conceptos como <i>idealismo</i> , <i>naturalismo</i> , <i>símbolo</i> , <i>mímese</i> , <i>decoro</i> . Comprensión das funcións sociais das imaxes e dos espectáculos no mundo antigo e medieval	T1, T2, T3, T4, T8, T11, T13, T14, T16, T17 X1, X3, X5, X6, X8, EE1, EE5, EE6
10. Adquisición de coñecementos básicos sobre as principais metodoloxías de achegamento á historia da arte e ás expresións artísticas	T1, T2, T3, T4, T8, T11, T13, T14, T16, T17 X1, X3, X5, X6, X8, EE1, EE5, EE6

4. CONTIDOS

TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Introducción	1.1 A dimensión estética. 1.2 Achegamento histórico aos conceptos de arte e beleza 1.3 Arte, relixión e sociedade na Antigüidade e na Idade Media 1.4 Arte e teatro 1.4 A obra de arte como documento cultural 1.5 Nocións esenciais sobre arquitectura, escultura e pintura 1.5 Metodoloxías da Historia da Arte	9
2. Grecia	2.1 Introducción histórica e cultural. Xeografía, sociedade e relixión en Grecia 2.2 Artes e construtivas e artes expresivas. O teatro grego e a súa proxección na cultura occidental 2.3 A arquitectura grega. Ordes e tipoloxías. Evolución 2.4 A arquitectua teatral grega. 2.5 A escultura grega. Características, funcións e evolución. A escultura arcaica. A escultura dos séculos V e IV a.C. 2.6 O Helenismo. Arquitectura e escultura. Evolución dos teatros. A teatralización da escultura 2.7 Os actores e a interpretación na cerámica grega.	9
3. Roma	3.1 Introducción histórica e cultural 3.2 A relación de Roma con Grecia. Continuidades e innovacións 3.3 Arquitectura romana. Os teatros e a arquitectura de espectáculos 3.4 A escultura republicana e imperial: retrato e relevo histórico 3.5 Mosaicos e pintura	3
4. A Idade Media	4.1 Introducción histórica e cultural. O concepto de Idade Media. Periodización histórica e artística 4.2 A arte paleocristiana. A arte bizantina na época de Xustiniano 4.3 Manifestacións artísticas prerrománicas 4.4 A arte románica. Arquitectura, escultura e pintura. A miniatura. As relacións entre escultura e as primeiras manifestacións teatrais medievais. 4.5 A arte gótica. Arquitectura, escultura e pintura. Teatro e cidade. 4.6. Giotto. A pintura flamenca	9

5. O Renacemento	5.1 Introducción histórica e cultural. O concepto de Renacemento. Periodización da arte renacentista 5.2 O Quattrocento en Florencia e noutras cidades italianas 5.3 O Cinquecento. As artes e o teatro no Alto Renacemento. Os edificios teatrais. Interpretación e artes plásticas 5.4 O Manierismo. A pintura veneciana do S. XVI 5.5 Principais manifestacións do Renacemento nórdico. O Renacemento en Francia e España. El Greco.	15
TOTAL SESIÓNS		45

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	1		1
Exposición maxistral	9		9
Exposición práctico-teórica	12		12
Práctica individual	3	35	38
Práctica colectiva	3		3
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias		10	10
Outros			
Titorías individuais	4		4
Titorías de grupo	3		3
Actividades de avaliación. Probas	4		4
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	4		4
Actividades de avaliación. Revisión	2		2
TOTAL	45	45	90
PORCENTAXE	50%	50%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Descrición	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e a reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia
Sesión maxistral	Exposición por parte do/a docente dos contidos da materia obxecto de estudo. Bases teóricas e directrices dos traballos a desenvolver polo alumnado.
Exposición teórico-práctica	Análise de obras artísticas por parte do/a docente, con apoio de documentación visual e coa participación activa do alumnado.
Exercicios de aula	Individuais e colectivos. Análise na aula de obras artísticas por parte do alumnado
Saídas de estudos	Visitas a exposicións e outros actos relacionados coa materia
Análise de documentos	Análise e comentario conxunto na aula de textos escritos e materiais audiovisuais sobre a materia
Traballos titorizados	Traballos a desenvolver polo alumnado, individualmente ou en grupos de dous.
Exposición de traballos	Exposición na aula dos traballos do cadrimestre
Titorías de grupo	Titorías coa participación do alumnado para aclaracións sobre os traballos ou os contidos da materia
Titorías individuais	Titorías individuais para aclaracións e orientación sobre materiais

	bibliográficos en relación cos traballos e coa materia.	
7.ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Atención individualizada a cada alumno que así o precise. Atención lingüística particularizada ao alumnado procedente doutras comunidades autónomas e Erasmus		
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8. 1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Proba escrita. Realizarase ao final do cadrimestre e constará de tres partes: 1) 10 preguntas curtas (3 puntos) 2) Análise de obras (4 puntos) 3) Exposición dun tema a escoller entre as opcións propostas polo docente.	T1, T2, T3, T4,T8, T11, T12, T15, T16, T17, X1, X3, X5, X6, EE1, EE5, EE6	80%
Asistencia, participación, implicación e traballos de aula	T1, T2, T3, T4, T8, T11, T12, T15, T16, T17, X1, X3, X5, X6, EE1, EE5, EE6	20%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición		
Proba escrita. Constará de tres partes: 1) 10 preguntas curtas (3 puntos) 2) Análise de obras (4 puntos) 3) Exposición dun tema a escoller entre as opcións propostas polo docente.	T1, T2, T3, T4,T8, T11, T12, T15, T16, T17, X1, X3, X5, X6, EE1, EE5, EE6	1000%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición		
Proba única sobre a totalidade do	T1, T2, T3, T4, T8, T11, T12,T15,	100%

temario. Constará de: 1.20 preguntas curtas sobre calquera dos aspectos contidos no temario. (2 puntos) 2.Análise de catro imaxes (4 puntos) 3.Exposición dun tema (4 puntos)	T16, T17, X1, X3, X5, X6, EE1, EE5, EE6	
--	---	--

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

DAVIDSON CRAGOE, C. (2009): *Cómo leer un edificio*. Madrid, Lisma

DE RYNCK, P. (2009): *Cómo leer la mitología y la Biblia en la pintura*. Barcelona, Electa.

LAJO, R. e SURROCA, J.: (1990): *Léxico de arte*. Madrid, Akal

FAERNA GARCÍA-BERMEJO, J.M. e GÓMEZ CEDILLO, A (2000): *Conceptos fundamentales de arte*. Madrid, Alianza.

GOMBRICH, E. (2008): *La historia del arte*. Londres, Phaidon.

HAUSER, A. (2004): *Historia social de la literatura y el arte*. Vol I. Barcelona, Debolsillo.

LANEYRIE-DAGEN, N (2005): *Leer la pintura*. Madrid, Larousse

RAMÍREZ, J.A. (1996-1997): *Historia del arte*. Vol. I e II. Madrid, Alianza

Referencias complementarias

BOARDMAN, J. (1999): *Escultura griega*. Barcelona, Destino

PANOFSKI, E. (2005): *Renacimiento y renacimientos en el arte occidental*. Madrid, Alianza

POLLIT, J.J. (1987): *Arte y experiencia en la Grecia clásica*. Bilbao, Xarait

V.V.A.A. (2003): *El teatro romano. La puesta en escena*. Zaragoza, Ayuntamiento de Zaragoza-Fundación La Caixa

WOODFORD, S. (2009): *Cómo mirar un cuadro*. Barcelona, Gustavo Gili.

O profesor fornecerá ao alumnado que o precise información bibliográfica específica.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

--

